

9. Apertura de ofertas económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: o quinto día hábil seguinte ó do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12 horas.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2001.

P.D.

O alcalde

Asinado

Anuncio de concurso (referencia As2001/2).

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña.
a) Dependencia: Sección de Contratación. b) Número de expediente: As2001/2.

2. Obxecto do contrato: servizo de vixilancia das salas de exposicións municipais. b) Prazo de execución: un ano.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto.
Forma de adxudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 40.000.000 de pesetas (240.404,841 euros) IVE incluído.

5. Garantía provisional: non se esixe.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: pza. de Mª Piña, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña.
d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71.
f) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Clasificación: grupo III, subgrupo 2, categoría B.

8. Presentación de ofertas: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, finalizando ás 13 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado ó día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de ofertas económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: o quinto día hábil seguinte ó do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12 horas.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2001.

P.D.

Carlos González-Garcés

Tenente alcalde delegado de Contratación

CONCELLO DE OURENSE

Anuncio (1920/2000).

Anúnciase que a Comisión Municipal de Goberno, en sesión do día 25 de xaneiro do ano 2001, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o proxecto de compensación da zona 3 do SU-17 do PXOU de Ourense, por instancia de Manuel Cruz Rodríguez, en representación da *Promotora CMT, S.L.* rectificaranse a descrición e os planos da parcela resultante 3 na forma indicada no informe da Oficina Técnica do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, do 10 de xaneiro de 2001. Significaselle á promotora que a ocupación e materialización do aproveitamento urbanístico da parcela resultante 1 se fará con estricta suxeición ós condicionantes establecidos no dito informe.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, sométese o citado expediente a exposición pública polo prazo de vinte días, que empezará a contar a partir do día seguinte ó da última publicación oficial deste anuncio; para que tódalas persoas interesadas poidan achega-las alegacións que coíden pertinentes.

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Ourense, 31 de xaneiro de 2001.

Manuel Jaime Cabezas Enríquez
Alcalde

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Anuncio.

Resolución da alcaldía sobre consideración como solo non urbanizable común dos predios que, cunha superficie superior á unidade mínima de cultivo, posúen a súa maior parte nese solo e a restante no de núcleo rural, e outorgamento de licencias de construción de vivendas unifamiliares neses predios.

O alcalde, o 14 de novembro de 2000, de conformidade coas atribucións conferidas pola lexislación de réxime local e artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resolveu:

Primeiro.-Declarar que sendo existencia da normativa urbanística no eido do planeamento, que as delimitacións das clasificacións do solo coincidan, entre outras determinacións, cos seus límites par-

celarios- aquelas parcelas que, cunha superficie superior ós 2.000 m², posúan a maior parte da súa extensión dentro do solo grafado polo Plan xeral de ordenación como non urbanizable común, e non a súa totalidade por conterse a restante na delimitación dun solo de núcleo rural sen acada-la superficie mínima edificable de 500 m², considéranse por esta Administración municipal como solo non urbanizable de tipo común para a concesión de licencias de edificación de vivendas unifamiliares. Ó respecto, computará exclusivamente a superficie de solo de núcleo, para os efectos de acada-la parcela mínima edificable naquel solo non urbanizable, asimilable pola Lei 1/1997 ó rústico.

Segundo.-Dispoñer, por conseguinte, o outorgamento das licencias de edificación de vivendas unifamiliares que se soliciten naquelas parcelas incluídas no suposto comprendido no epígrafe anterior, aplicándose o réxime do solo rústico establecido no artigo 77 da Lei 1/1997, do solo de Galicia, tendo que cumprirse, nembargantes, as seguintes condicións para a concesión das licencias:

a) A parcela limitárase á realidade parcelaria existente previa á aprobación do PXOU (18-12-1989) excluindo modificacións posteriores.

b) Os parámetros urbanísticos de aplicación serán os do artigo 142 do PXOU; reguladores do solo non urbanizable común.

c) A edificación construírase na parte grafada no solo non urbanizable común.

d) O promotor aceptará a obriga de inscribi-la indivisibilidade da parcela, consonte o establecido no artigo 173 da Lei 1/1997, do solo de Galicia.

e) O promotor procederá á cesión gratuíta dos terreos afectados pola regularización do viario, conforme o establecido no artigo 76.3º da Lei 1/1997, do solo de Galicia e tamén a obriga de conexión, de se-lo caso, ós servizos urbanísticos que existen no núcleo.

Pontevedra, 8 de xaneiro de 2001.

Julio Dapena Outomuro
Secretario xeral

P.D.
Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
Teniente alcalde delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente

CONCELLO DE VERÍN

Edicto (sec-2000000258).

En cumprimento do que dispón o artigo 94.2º da Lei de contratos das administracións públicas, publícase a adxudicación do seguinte contrato:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Verín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 258/2000.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo do contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: xestión indirecta do servizo municipal da lonxa agropecuaria, mercado de gando e centro de desinfección de vehículos de gando.

c) Boletín de publicación do anuncio de licitación: BOP nº 234, do 10 de outubro e DOG nº 203, do 19 de outubro de 2000.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Canon de explotación.

Non se establece.

5. Adxudicación.

a) Data: 30-11-2000.

b) Contratista: *Hortalisa, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Canon de adxudicación: cinco por cento (5%) do beneficio neto obtido.

e) Prazo de adxudicación: 15 anos.

Verín, 14 de decembro de 2000.

Juan Manuel Jiménez Morán
Alcalde

Edicto (sec-2000000320).

En cumprimento do que dispón o artigo 94.2º da Lei de contratos das administracións públicas, publícase a adxudicación do seguinte contrato:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Verín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 320/2000.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo do contrato: obras.

b) Descrición do obxecto: obras de saneamento e depuración na estrada Pazos-Vilaza.

c) Boletín de publicación do anuncio de licitación: BOP nº 271, do 25 de novembro e DOG nº 226, do 22 de novembro de 2000.